



O Software Libre nas empresas informáticas de Galicia

Edición 2017

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Año de publicación: 2018

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS DE GALICIA

EDICIÓN 2017

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Santiago de Compostela
2017

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DE ESTUDO	6
FICHA TÉCNICA	7
I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS DE GALICIA	8
I.1. Visión xeral do uso e evolución do Software Libre.....	9
Software Libre en ordenadores	14
Software Libre en servidores	16
Software Privativo	19
I.2. Tipoloxía de software	22
I.3 Formación e perspectiva de mercado do Software Libre	27
I.4. Empresas que non usan Software Libre	32
II. AS EMPRESAS COMO PROVEDORAS DE SOLUCIÓNS TIC	34
II. As empresas como provedoras de solucións TIC	35
II.1. Empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre	38
II.2. Empresas informáticas que non ofrecen produtos de Software Libre	46
CONCLUSIÓN	49

INTRODUCCIÓN

O diagnóstico que presentamos, “O Software Libre nas empresas informáticas de Galicia”, ten como principal obxectivo analizar a situación que está a vivir o Software Libre nas empresas informáticas galegas, tendo en conta unha dobre vertente:

- Implantación e uso dos distintos tipos de software no sector TIC.
- Oferta das empresas de produtos e servizos de Software Libre aos seus clientes, na medida en que contribúen ao coñecemento e ao impulso dos modelos de negocio baseados en Software Libre e as súas vantaxes competitivas.

Este informe é realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), no marco das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020 e do Plan de acción en materia de Software Libre 2017.

O estudo analiza polo miúdo, cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa das empresas en relación cos principais indicadores de Software Libre, estruturando a información en dous grandes capítulos:

- Software Libre nas empresas informáticas de Galicia: preséntanse os datos máis significativos que ofrecen unha visión xeral da situación e do seu grao de avance. Ademais, afóndase nas seguintes cuestións:
 - Principais tipoloxías de Software Libre empregadas: sistemas operativos libres e aplicacións libres en ordenadores e/ou servidores
 - Satisfacción co emprego de Software Libre, formación e perspectivas de mercado.
 - Motivos para non empregar Software Libre.
- As empresas informáticas como provedoras de solucións TIC: ofrece a perspectiva das empresas informáticas galegas como fornecedoras de produtos ou servizos de Software Libre, a tipoloxía de solucións libres postas a disposición dos clientes e os aspectos máis valorados; por último, analízanse as barreiras no modelo de negocio de Software Libre.

METODOLOXÍA DE ESTUDO

DEFINICIÓN DE SOFTWARE LIBRE

Resulta preciso facer unha breve definición inicial do concepto de Software Libre. Entendemos por tal calquera programa informático que pode ser executado, copiado, distribuído, estudado, cambiado e/ou mellorado sen necesidade de permiso nin pago de licenzas de uso ao seu desenvolvedor. De modo máis preciso, Software Libre é aquel que concede aos usuarios as catro liberdades:

- **Liberdade 0.** Liberdade de usar o programa con calquera propósito.
- **Liberdade 1.** Liberdade de estudar como funciona o programa e adaptalo ás necesidades particulares. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.
- **Liberdade 2.** Liberdade de distribuír copias a calquera.
- **Liberdade 3.** Liberdade de mellorar o programa e facer públicas as melloras, de xeito que toda a comunidade se beneficie. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.

O software que non reúne algunha das liberdades anteriores denomínase como Software Privativo. Normalmente o usuario non dispón de acceso ao código fonte e polo tanto non pode estudalo nin modificalo; tampouco pode copialo nin distribuílo libremente. Ademais este tipo de software adoita levar aparelado un custe de adquisición de licenzas de uso variable en función do número de usuarios do mesmo.

A información que se amosa neste documento foi obtida a través da realización dunha enquisa entre as empresas galegas con actividade no ámbito TIC. A enquisa responde á seguinte descrición:

FICHA TÉCNICA

- **Ámbito:** Galicia.
- **Universo:** empresas informáticas con actividade en Galicia (con sede en Galicia ou fóra da Comunidade Autónoma Galega), dedicadas ás seguintes actividades CNAE 2009: 62, 63.11, 63.12, 58.2, 95.1, 46.5 que non son persoas físicas. O universo de empresas está conformado por 1.380 unidades
- **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.
- **Tamaño da mostra:** 264 entrevistas.
- **Afixación:** Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego, actividade e provincia de localización, nunha segunda fase selección aleatoria da empresa dentro de cada un dos estratos definidos en cada submostra.
- **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 5,55\%$.
- **Traballo de campo:** do 2 de abril ao 5 de Xullo de 2017.


I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS DE GALICIA

**Incrementátese a porcentaxe de empresas TIC galegas que dispón
de Software Libre, chegando ao 88,6%.**



I.1. Visión xeral do uso e evolución do Software Libre

No ano 2017 todas as empresas TIC galegas están equipadas con ordenadores de usuario, e o uso de servidores segue en aumento con respecto aos anos anteriores, chegando a un 89,3%.



Fonte: OSIMGA

Se ben a presenza de ordenadores é independente do número de empregados / as, a de servidores crece a medida que o fai o persoal da empresa. Nas empresas de 0 a 2 empregados / as o 81,2% conta con Servidores, subindo ata o 97,2% nas empresas Tic de 3 a 9 traballadores/as e chegando ata o 100% nas de 10 ou máis empregados / as.

C.1. EMPRESAS CON ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Empresas con ordenadores e servidores	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Ordenadores	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Servidores	81,2%	97,2%	100,0%	89,3%

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o sector de actividade, os servidores están presente no 94,4% das empresas dedicadas a “Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas. Portais web” (CNAE 58.2/63.1), destacando tamén a presenza de servidores nas empresas coa actividade de “Tecnoloxía da información e servizo informático” (CNAE 62) , cun 93,5%.

C.2. EMPRESAS CON ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO O CNAE

Empresas con ordenadores e servidores	CNAE (%)				Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas. Portais web CNAE 58.2 / 63.1	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Ordenadores	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Servidores	93,5%	94,4%	80,0%	77,8%	89,3%

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

A media de dotación de equipos informáticos dos que dispoñen as empresas é de 8,85 ordenadores e de 2,71 servidores de media.

C.3. MEDIA DE EQUIPOS

	MEDIA
Ordenadores	8,85

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

	MEDIA
Servidores	2,71

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

No seguinte cadro pódese observar o número medio que ordenadores e servidores nunha empresa TIC segundo o seu tamaño. En xeral, a media de equipos é maior canto maior é a empresa, a maior número de empregados / as, máis equipos dispoñibles, aínda que con grandes diferenzas de medias entre ordenadores e servidores.

C.4. MEDIA DE EQUIPOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Empresas con ordenadores	Nº DE EMPREGADOS/AS			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Ordenadores	2,84	5,70	58,41	8,85

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

Empresas con servidores	Nº DE EMPREGADOS/AS			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Servidores	1,96	2,54	7,06	2,71

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

A media de equipos segundo a actividade á que se dedica a empresa TIC, indica que nas empresas que traballan no ámbito de “Tecnoloxía da información e servizo informático” posúen maior número de equipos, tanto ordenadores (11,52) como servidores (3,23).

C.5. MEDIA DE EQUIPOS SEGUNDO O CNAE

Empresas con ordenadores e servidores	CNAE				Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas. Portais web CNAE 58.2 / 63.1	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Ordenadores	11,52	5,14	4,06	5,25	8,85

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

Empresas con ordenadores e servidores	CNAE				Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas. Portais web CNAE 58.2 / 63.1	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Servidores	3,23	2,17	1,62	1,76	2,71

Base: empresas informáticas


Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

A porcentaxe de empresas con Software Libre, continua incrementándose, tanto en equipos informáticos que traballan como servidores como en equipos ou ordenadores de usuario. O incremento do indicador de uso de Software Libre durante o ano 2017 foi de 1,4 puntos porcentuais.

G.2. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE NALGÚN EQUIPO INFORMÁTICO


(ORDENADORES E/OU SERVIDORES)



Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

G.3. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Software Libre nalgún equipo informático (ordenadores e/ou servidores)
Evolución Galicia
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

Facendo unha análise das empresas con Software Libre por provincias, as empresas TIC ubicadas en Lugo posúen con maior frecuencia Software Libre nos seus equipos (cun 95%), seguido polas empresas situadas na provincia de Pontevedra, nas que o 90,7% dispoñen de Software Libre.

As empresas informáticas galegas, con sede fóra de Galicia e as situadas en Ourense son as que menor porcentaxe de uso de Software Libre nos seus equipos recoñecen.

C.6. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE NALGÚN EQUIPO INFORMÁTICO SEGUNDO A PROVINCIA

Empresas con Software Libre	PROVINCIA (%)					Total
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	FORA DE GALICIA	
Si	87,9%	95,0%	75,0%	90,7%	80,0%	88,6%
Non	12,1%	5,0%	25,0%	9,3%	20,0%	11,4%

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

En base ao número de empregados/as, as empresas TIC de 3 a 9 empregados/as, son as que afirman en maior porcentaxe empregar Software Libre, reducíndose lixeiramente no caso das empresas con máis e menos persoal: ata o 91,3% nas de 10 ou máis empregados/as e ata o 85% nas de 0 a 2 asalariados /as.

C.7. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE NALGÚN EQUIPO INFORMÁTICO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Empresas con Software Libre	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Si	85,0%	93,5%	91,3%	88,6%
Non	15,0%	6,5%	8,7%	11,4%

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

Dacordo coa actividade das empresas, as que desenvolven a súa actividade no CNAE 58.2 / 63.1, dedicadas a “Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas. Portais web”, na totalidade das empresas observadas afirman contar con Software Libre, fronte ás empresas comerciais, onde o uso de Software Libre é no 81%.

C.8. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE NALGÚN EQUIPO INFORMÁTICO SEGUNDO O CNAE


Empresas con Software Libre	CNAE (%)				Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas. Portais web CNAE 58.2 / 63.1	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Si	89,0%	100%	90,0%	81,0%	88,6%
Non	11,0%	0%	10,0%	19,0%	11,4%

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

Nas empresas informáticas onde se emprega Software Libre nalgún dos seus equipos informáticos (88,6%), un 77,2%, emprega Software Libre tanto en ordenadores como en servidores, unha subida de 13,9 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

G.4. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O TIPO DE EQUIPO INFORMÁTICO

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

Software Libre en ordenadores

O Software Libre en ordenadores incrementouse sensiblemente no último ano: 2,6 puntos porcentuais. O aumento débese en grande parte ás empresas de 3 a 9 traballadore/as (onde o incremento é de 10,3 puntos porcentuais) mentres que nas entidades máis pequenas e máis grandes -de 0 a 2 empregados/as e as empresas de 10 ou máis- producíronse lixeiros descensos.

G.5. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN ORDENADORES SEGUNDO N° DE EMPREGADOS / AS

Evolución Galicia
(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMG

As empresas TIC da provincia de Lugo son as que recoñecen en maior porcentaxe o uso de Software Libre nos seus ordenadores, un 95%. Séguelle a provincia de Pontevedra, cun 89,4%, e Coruña cun 87,9% de ordenadores que dispoñen de Software Libre. Por outra banda, en Ourense atopamos unha menor porcentaxe de empresas que dispoñen de Software Libre nos seus ordenadores, cun 75%.

G.6. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

O Software Libre en ordenadores está presente no 100% de empresas adicadas a actividade CNAE 58.2/63.1 “Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas. Portais web”. En segundo lugar, destacan as empresas relacionadas coa CNAE 95.1 “Reparación de ordenadores e equipos comunicación”, onde os ordenadores con Software Libre están presentes no 90% das ocasións. As empresas comerciais son, novamente, as máis reacias á utilización de Software Libre, resultando o indicador do 79,4%.

G.7. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN ORDENADORES SEGUNDO O CNAE

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

Software Libre en servidores

Do mesmo xeito que acontecía cos ordenadores ou equipos de usuario, o uso de Software Libre en servidores incrementábase no 2017 de modo sensible: 12,8 puntos porcentuais.

Sen embargo, este incremento distribúese de modo desigual, de forma que se produce un sensible incremento nas empresas máis pequenas e un decrecemento nas de 10 ou máis asalariados/as no uso de Software Libre en servidores.


G.8. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN SERVIDORES SEGUNDO Nº DE EMPREGADOS / AS



Fonte: OSIMGA

Analizando especificamente as empresas TIC equipadas con servidores, obsérvase un incremento na dispoñibilidade de Software Libre neste tipo de equipos, incrementándose respecto ao 2016 en 13,2 puntos porcentuais.


G.9. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN SERVIDORES SEGUNDO Nº DE EMPREGADOS / AS



Fonte: OSIMGA

Facendo unha comparativa respecto ao conxunto das empresas informáticas, entre as empresas con servidores o uso de Software Libre neste tipo de equipos destaca especialmente nas dedicadas á “Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas ou Portais web” (CNAE 58.2 e 63.1).

G.10. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN SERVIDORES SEGUNDO O CNAE




Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de uso de Software Libre, tendo en conta o número de ordenadores e servidores cos que contan as empresas, indica que contan con Software Libre nunha porcentaxe significativa dos equipos, destacando a porcentaxe de servidores fronte aos ordenadores de usuario; o 88,2% dos servidores e o 80,2% de ordenadores de usuario traballan con Software Libre.

G.11. PORCENTAXE DE ORDENADORES / SERVIDORES CON SOFTWARE LIBRE RESPECTO AO NÚMERO TOTAL DE ORDENADORES / SERVIDORES

(% calculada entre as empresas informáticas que non son persoas físicas e teñen ordenadores / servidores)



Fonte: OSIMGA

Software privativo


O indicador sobre a evolución de Software Privativo experimenta un lixeiro aumento durante o 2017, incrementándose en 2 puntos porcentuais con respecto ao ano 2016.

G. 12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas informáticas con Software Privativo nalgún equipo informático (ordenadores e/ou servidores)

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

Analizado esta variable segundo a ubicación xeográfica, as empresas con sede fóra de Galicia son as que contan cunha maior porcentaxe de Software Privativo nalgún dos seus equipos; séguelle a porcentaxe das empresas TIC da provincia da Coruña, cun 95,5%.

Entre as empresas TIC localizadas en Ourense atopamos a menor porcentaxe de uso de Software Privativo: un 87,5%.

C.9. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO NALGÚN EQUIPO INFORMÁTICO SEGUNDO A PROVINCIA

Empresas con Software Privativo	PROVINCIA (%)					Total
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	FORA DE GALICIA	
Si	95,5%	95,0%	87,5%	91,9%	100,0%	93,7%
Non	4,5%	5,0%	12,5%	8,1%	0%	6,3%

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

En canto ao tamaño das empresas TIC que contan con Software Privativo, en todos os casos superan o 90%, destacando as de 10 ou máis empregados/as, onde se alcanza o 95,7% de empresas que contan co Software Privativo nalgún equipo informático.

C.10. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO NALGÚN EQUIPO INFORMÁTICO SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS/AS

Empresas con Software Privativo	N° DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Si	94,0%	93,5%	95,7%	93,7%
Non	6,0%	6,5%	4,3%	6,3%

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

En relación á actividade da empresa, a totalidade de dedicadas á “Reparación de ordenadores e equipos de comunicación” (CNAE 95.1) contan con Software Privativo nalgún equipo informático; en segundo lugar sitúanse as empresas TIC dedicadas as “Industrias comerciais TIC” (CNAE 46.5) cunha porcentaxe do 95,2%.

C.11. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO NALGÚN EQUIPO INFORMÁTICO SEGUNDO O CNAE

Empresas con Software Privativo	CNAE (%)				Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas. Portais web CNAE 58.2 / 63.1	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Si	92,2%	94,6%	100,0%	95,2%	93,7%
Non	7,8%	5,4%	0,0%	4,8%	6,3%

Base: empresas informáticas


Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

Durante o 2017 volve a incrementarse a presenza de Software Privativo nas empresas TIC da nosa comunidade. Esta subida incide especialmente entre as empresas que posúen este tipo de software tanto en servidores como en equipos de usuario.

G. 13. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE PRIVATIVO SEGUNDO O TIPO DE EQUIPO INFORMÁTICO

Empresas con Software Privativo nalgún equipo informático
(% sobre as empresas informáticas)



FONTE: OSIMGA

I.2. Tipoloxía de software


De seguido faremos unha desagregación da tipoloxía de Software Libre nos ordenadores das empresas informáticas galegas. O incremento que vimos de observar durante este ano, se relaciona sobre todo co uso dos sistemas operativos libres, onde aumentou uns importantes 25,7 puntos porcentuais. No caso das aplicacións libres o incremento foi de 7,6 puntos porcentuais.

G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Libres nos ordenadores

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


Respecto á evolución da presenza Software Privativo nos ordenadores, tamén volve a experimentar un crecemento respecto do ano 2016, aumentando en 3,6 puntos porcentuais no ámbito dos sistemas operativos privativos e 7,4 puntos porcentuais en canto ás aplicacións privativas nos ordenadores de usuario.

G.15. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Privativas nos ordenadores

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


En relación aos servidores, a porcentaxe de empresas TIC que empregaron Software Libre tivo un gran incremento tanto no referido a sistemas operativos libres como respecto a aplicacións libres: no caso dos Sistemas operativos libres o incremento é de 18,2 puntos porcentuais mentres que nas aplicacións libres é de 15 puntos con respecto ao ano 2016.

G.16. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Libres nos servidores

Evolución Galicia

(% empresas informáticas que teñen servidores)



Fonte: OSIMGA


Tras o descenso observado no ano 2016 con respecto ao 2015, actualmente o Software Privativo en servidores experimente un leve incremento porcentual: no caso dos sistemas privativos sube 7,4 puntos mentres que na categoría de aplicacións privativas a subida é de 12,2 puntos porcentuais.

G.17. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Privativas nos servidores

Evolución Galicia

(% empresas informáticas que teñen servidores)



Fonte: OSIMGA

No gráfico G.18, da evolución das aplicacións dispoñibles nas empresas, podemos comprobar que as “aplicacións de Ofimática” e os “Navegadores de internet”, son as máis empregadas polas empresas TIC galegas, cunhas porcentaxes de presenza do 97,8% e 95% respectivamente.

Por outro lado, as empresas TIC sinalan que as aplicacións menos usadas son: “Traballo en grupo e cooperación” cunha porcentaxe do 21,7% e “Educación e formación a distancia” cun 14,6%.


A aplicación de software que sufriu maior descenso no último ano é “Antivirus e seguridade”, cunha baixada porcentual de 9,2 puntos.

G.18. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Aplicacións de software dispoñibles nas empresas

Evolución Galicia⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

Facendo una comparativa e atendendo á diferenciación segundo a tipoloxía de software, o Software Privativo conta cunha presenza lixeiramente superior ao Software Libre entre as empresas TIC galegas, especialmente en aplicacións “Ofimáticas” (onde o 78% das empresas TIC posúen Software Privativo) e en “Navegadores de Internet” (75,7%).

Un maior uso de Software Libre destaca fronte ao Privativo nas aplicacións relativas á “Xestión de contidos web” , “Aplicacións de deseño gráfico” ou “Educativas e formación a distancia”.

G.19. APLICACIÓNS DE SOFTWARE LIBRE/PRIVATIVO DISPOÑIBLES NAS EMPRESAS

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

Nas empresas máis grandes atopamos unha maior incidencia no uso de aplicacións con Software Libre, aínda que a pequena empresa cada ano vai incrementando a utilizacións de programas Libres. Entre as grandes entidades destacan por riba da media o uso de Software Libre en “Navegadores de Internet” e en “Desenvolvemento de software”.

C.12. APLICACIONES DE SOFTWARE LIBRE DISPONIBLES NAS EMPRESAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Empresas con Software Libre	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 emplegados /as	De 3 a 9 emplegados /as	De 10 ou máis emplegados /as	
Ofimática	52,6%	65,7%	69,6%	59,4%
Navegador de Internet	51,9%	64,8%	73,9%	59,1%
Xestor de Correo	38,8%	46,7%	47,8%	42,7%
Xestión empresarial	33,1%	41,7%	39,1%	36,9%
Antivirus e Seguridade	32,6%	38,1%	37,5%	34,5%
Xestión de contidos web	35,8%	50,9%	47,8%	43,2%
Desenvolv. de software	27,8%	38,9%	52,2%	34,7%
Aplicacións de deseño gráfico	25,4%	38,9%	30,4%	31,2%
Traballo en grupo e cooperac.	6,7%	17,8%	21,7%	12,5%
Educ. e formación a distancia	8,3%	13,0%	8,7%	10,2%
Outras aplicacións de usuario	26,3%	38,9%	43,5%	32,9%

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

Nota explicativa: En cor azul destácanse os tramos de asalariados/as que posúen a porcentaxe máis elevada dese tipo de software

I.3 Formación e perspectiva de mercado de Software Libre


O 45,4% das empresas TIC galegas ofreceron formación relacionada co Software Libre ao seu persoal técnico encargado das actividades informáticas. No caso de persoal usuario, o 32,9% das empresas formaron ao seu persoal na materia.

Respecto ao Software Privativo, un 45% das empresas TIC formaron ao seu persoal especialista informático, fronte ao 34,8% que desenvolveu actividades formativas para o persoal non informático.

Por tanto, no caso do Software Libre seguen adicándose máis recursos á formación de persoal especializado que traballa en actividades informáticas, mentres que o persoal usuario é o que maior formación recibe en canto a Software Privativo.

G.20. FORMACIÓN EN TIC

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


A formación proporcionada aos empregados nas empresas TIC galegas descende lixeiramente no ano 2017 en todos os ámbitos, pero especialmente entre o persoal usuario. No caso de Software Libre o descenso da formación proporcionada resulta máis moderada que no caso do Software Privativo, e maior entre o persoal usuario que entre o técnico (4,4 puntos porcentuais respecto ao 2016, fronte a 2,7 puntos).

G.21. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Formación en TIC recibida polo persoal técnico e usuario

Evolución Galicia

(% empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

A perspectiva das empresas TIC respecto da evolución futura do Software Libre no mercado está novamente dividida: o 45,8% opina que haberá un aumento do uso e un 45,6% considera que non se experimentarán variacións. A tendencia das empresas nos últimos anos é a considerar un estancamento en relación á previsión de evolución do Software Libre.


De forma leve, pero rompendo a tendencia observada nos dous últimos anos, descende o número de empresas que teñen unha visión negativa sobre a evolución do Software Libre no mercado, consideración que apoian o 8,6% das empresas TIC galegas.

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Previsión da evolución do uso de Software Libre no mercado

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


As empresas TIC galegas consideran case todas as medidas propostas como necesarias para promover o uso de Software Libre nas empresas. Con moi lixeira diferenza mencionar as “Axudas e subvencións” (35%), o “Asesoramento ao caso concreto da empresa” cun 33,9%, seguida de “Demostración de funcionamento dos produtos SL”, cun 32,4%.

G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Medidas para promover o Software Libre nas empresas

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

Respecto á previsión de evolución que as empresas TIC consideran que terá o Software Libre a opinión predominante, tanto para ordenadores como para servidores (68.1,4% e 66,4% respectivamente) apunta cara ao mantemento da situación actual, aínda que entre as empresas que opinan que aumentará a previsión de incremento do Software Libre en servidores é superior que a previsión de aumento en ordenadores.

G.24. PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS ORDENADORES / SERVIDORES DAS EMPRESAS

(% sobre as empresas informáticas que teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

I.4. Empresas que non usan Software Libre

Algo máis da metade das empresas que non contan con Software Libre na súa empresa aínda non consideraron implantalo, pero non desestiman a posibilidade, opción que sí fai o 27,5% das empresas TIC consultadas.


O período de implantación é moi variable, de modo que o 3,8% conta con implantar Software Libre antes dun ano mentres que o 4,2% ten previsto facelo nun período entre 1 e 2 anos. Finalmente, un 8,4% indican que tardarán algo máis de 2 anos en implantalo.

G.25. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Previsión do uso do Software Libre nas empresas que non o usan

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA


A principal barreira argumentada polas empresas TIC para implementar Software Libre nos seus equipos é a “Incompatibilidade cos sistemas ou interlocutores actuais”, opinión que secundan o 34,3% das empresas. O “Descoñecemento ou falta de información” é a segunda causa para non utilizar Software Libre, tal e como manifestan o 21,7% das empresas TIC galegas.

G.26. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Motivos polos que as empresas non usan Software Libre

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

II. AS EMPRESAS COMO PROVEDORAS DE SOLUCIÓN TIC

O “Servidor web”, os “Sistemas de Xestión de datos” e o “Servidor de ficheiros” son os produtos de Software Libre que máis ofertan as empresas TIC galegas.



II. As empresas como proveedoras de solucións TIC


Durante o ano 2017 a porcentaxe de empresas que ofertan produtos ou servizos de software, propios ou de terceiros aumentou, chegando ao 59,0%. Sin embargo, este incremento débese únicamente á contribución das empresas máis pequenas (de 0 a 2 empregados/as).

G.27. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que ofertan produtos ou servizos de software, propios ou de terceiros aos seus clientes segundo o nº de empregados / as

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

Analizando a oferta de produtos ou servizos de software por ámbito xeográfico, A Coruña é a provincia que conta cunha maior porcentaxe de empresas que ofertan produtos ou servizos de software aos seus clientes, concretamente un 65,9%, seguido de Pontevedra cun 58,1%; Lugo e as empresas fora de Galicia acadan un 50%. Ourense obtén a porcentaxe máis baixa.

**C.13. EMPRESAS QUE OFERTAN PRODUCTOS OU SERVIZOS DE SOFTWARE AOS SEUS
CLIENTES SEGUNDO A PROVINCIA**

Empresas que ofertan produtos ou servizos de software	PROVINCIA (%)					Total
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	FORA DE GALICIA	
Si	65,9%	50,0%	25,0%	58,1%	50,0%	59,0%
Non	34,1%	50,0%	75,0%	41,9%	50,0%	41,0%

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

As empresas que traballan en actividades relacionadas coas “Tecnoloxía da información e servizos informáticos” son as que contan en maior medida con produtos ou servizos de software para ofertar aos seus clientes (70,9%). A certa distancia, pero tamén cunha porcentaxe importante de empresas TIC que ofertan produtos ou servizos aos seus clientes, podemos encontrar ás empresas con actividade CNAE 95.1, encargadas da “Reparación de ordenadores e equipos de comunicación”, cunha porcentaxe do 60%.

**C.14. EMPRESAS QUE OFERTAN PRODUCTOS OU SERVIZOS DE SOFTWARE AOS SEUS
CLIENTES SEGUNDO O CNAE**

Empresas con Software Libre	CNAE (%)				Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas. Portais web CNAE 58.2 / 63.1	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Si	70,9%	48,6%	60,0%	38,1%	59,0%
Non	29,2%	51,4%	40,0%	61,9%	41,0%

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I


As barreiras que as empresas TIC galegas encontran entre os seus clientes á hora de incorporar Software Libre son múltiples, destacando a razón de “Descoñecen o Software Libre ou fálalles información”, indicado por máis da metade das empresas; séguelle a certa distancia o motivo de que “Desexan manter homoxeneidade ou compatibilidade cos sistemas actuais”, indicado polo 41,3% das empresas TIC.

G.28. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Barreiras dos clientes á incorporación de Software Libre

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

II.1. Empresas informáticas que ofrecen productos de Software Libre

As empresas TIC que ofertan produtos de software recoñecen un descenso na súa oferta de ambos tipos de solucións durante o 2017: no caso do Software Libre o descenso é de 2,9 puntos e, no do Privativo, de 8,7 puntos porcentuais.

G.29. SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO OFERTADO



Fonte: OSIMGA

Segundo a ubicación xeográfica da empresa, Pontevedra e Lugo, son as provincias que contan con máis empresas que ofrecen produtos e servizos de Software Libre (59,3% e 55,5% respectivamente).

C.15. SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO OFERTADO SEGUNDO A PROVINCIA

Software ofertado (% de resposta múltiple)	PROVINCIA (%)					Total
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	FORA DE GALICIA	
Software Libre	48,7%	55,5%	43,9%	59,3%	58,7%	52,7%
Software Privativo	74,4%	77,8%	75,6%	76,1%	100,0%	76,0%

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software

Fonte: OSIMGA

En función do tamaño da empresa, atópanse diferenzas entre a oferta de produtos de Software Libre e Privativo. O Software Libre é máis distribuído polas empresas de maior tamaño, en concreto nun 59,3% das empresas TIC de 10 ou máis empregados/as, mentres que o Software Privativo é especialmente ofertado polas entidades máis pequenas (o 83,6% das empresas que contan de 0 a 2 empregados/as ofrecen produtos desta modalidade).

C.16. SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO OFERTADO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Software ofertado (% de resposta múltiple)	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Software Libre	47,2%	56,9%	59,3%	52,7%
Software Privativo	83,6%	68,5%	73,4%	76,0%

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software

Fonte: OSIMGA

En relación á actividade da empresa a oferta de Software Libre e Privativo amosa diferenzas, destacando a porcentaxe das que ofrecen Software Libre, 64,1%, entre as dedicadas á “Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e activ. Relacionadas. Portais web” (CNAE 58.2 / 63.1), superando á media autonómica en 11,4 puntos porcentuais.

C.17. SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO OFERTADO SEGUNDO O CNAE

Software ofertado (% de resposta múltiple)	CNAE (%)				Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas. Portais web CNAE 58.2 / 63.1	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Software Libre	52,7%	64,1%	33,3%	49,0%	52,7%
Software Privativo	75,1%	59,1%	88,9%	89,4%	76,0%

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I


Os produtos de software máis ofertados polas empresas informáticas galegas son: os sistemas de xestión de bases de datos (65,7%), servidores de ficheiros (54,6%) e servidores web (51,8%), sendo os incrementos máis destacables:

- Intelixencia de negocio, B.I. : 4,1 puntos porcentuais máis (de 22,4% a 26,5%)
- Software de virtualización: 2,5 puntos porcentuais respecto a 2016 (de 36,4% a 38,9%).
- Sistemas de desenvolvemento: 2,4 puntos porcentuais máis (de 13,5% a 15,9%).

G.30. TIPOLOXÍA DE PRODUTOS DE SOFTWARE QUE OFRECEN AS EMPRESAS INFORMÁTICAS

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de software)



Fonte: OSIMGA

Mostramos na seguinte táboa os diferentes produtos de software ofertados segundo a tipoloxía, privativa ou libre, destacando os seguintes datos:

- Os programas de Software Libre máis ofertados son os sistemas de “Servidores web” (35,4%), “Sistemas de xestión de bases de datos” (35%) e os “Servidores de ficheiros”(32,5%).
- Respecto ao Software Privativo destacan o “Software de seguridade” (45,3%) ,os “Sistemas de xestión de bases de datos” (44,9%), e os “Sistemas operativos” (43,2%).

C.18. TIPOLOXÍA DE PRODUCTOS DE SOFTWARE QUE OFRECEN AS EMPRESAS INFORMÁTICAS

Software ofertado (% de resposta múltiple)	(%)			(% de empresas que ofrecen ese produto Software Libre) / (% de empresas que venden ese tipo de Software)	(% de empresas que ofrecen ese produto Software Privativo) / (% de empresas que venden ese tipo de Software)	Diferencia entre a oferta de Software Privativo e Software Libre
	Software Libre	Software Privativo	Ofertan produto ou servizo			
Sistemas de xestión de bases de datos	35,0	44,9	65,7	53,3	68,3	15,1
Servidor de ficheiros	32,5	37,1	54,6	59,5	67,9	8,4
Servidor web	35,4	27,3	51,8	68,3	52,7	-15,6
Sistemas operativos	25,7	43,2	50,8	50,6	85,0	34,4
Software de escritorio	25,0	42,6	50,8	49,2	83,9	34,6
Servidor de aplicacións	25,4	34,9	50,4	50,4	69,2	18,8
Xestión de contidos de portais e páxinas web	31,6	25,0	50,3	62,8	49,7	-13,1
Software de seguridade	15,0	45,3	49,7	30,2	91,1	61,0
Planificación de recursos empresariais	15,9	35,1	45,6	34,9	77,0	42,1
Servidor de correo	26,0	30,5	45,2	57,5	67,5	10,0
Xestión da relación cos clientes	15,2	29,1	40,9	37,2	71,1	34,0
Software para dispositivos móbiles	15,2	29,8	39,2	38,8	76,0	37,2
Software de virtualización	20,5	26,3	38,9	52,7	67,6	14,9
E-commerce	21,0	18,7	36,0	58,3	51,9	-6,4
Xestión de procesos de negocio	14,0	24,7	33,2	42,2	74,4	32,2
Xestor documental	10,5	22,4	29,1	36,1	77,0	40,9
Traballo colaborativo	15,0	16,5	27,6	54,3	59,8	5,4
Intelixencia de negocio	11,6	17,8	26,5	43,8	67,2	23,4
E-learning	11,1	7,7	17,3	64,2	44,5	-19,7
Sistemas de desenvolvemento	10,8	9,7	15,9	67,9	61,0	-6,9
Outras aplicacións	21,4	34,8	43,7	49,0	79,6	30,7

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software
Fonte: OSIMGA


Na evolución na oferta dos produtos informáticos de Software Libre citados anteriormente, destacar respecto ao ano 2016:

- “Planificación de recursos empresariais, ERP”: aumenta 4,5 puntos porcentuais
- “Xestión de relación cos clientes, CRM”: incremento de 3,7 puntos
- “Servidor web” : medran 3,3 puntos
- “Intelixencia de negocio, BI” e “Servidor de ficheiros” : medran 3,1 puntos

G.31. PRODUCTOS DE SOFTWARE LIBRE QUE OFRECEN AS EMPRESAS INFORMÁTICAS

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de software)




Fonte: OSIMGA

Durante o ano 2017 frenouse a baixada en actividades desenvolvidas polas empresas en relación ao Software Libre, crescendo nos servizos de consultaría ou no mantemento de software propio.

G.32. ACTIVIDADES QUE DESENVOLVE A EMPRESA EN RELACIÓN AO SOFTWARE LIBRE

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre)



Fonte: OSIMGA

Dacordo co número de empregados/as, as empresas de menor tamaño son as que ofrecen en maior medida servizos de consultaría tecnolóxica relacionadas co Software Libre (69,7%), mentres que as empresas TIC de máis persoal, ofrecen en maior porcentaxe mantemento do software propio con licenza libre (55,6%).

C.19. ACTIVIDADES QUE DESENVOLVE A SÚA EMPRESA EN RELACIÓN AO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O NÚMERO DE EMPREGADOS

Actividades en relación ao Software Libre (% de resposta múltiple)	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
A empresa desenvolve ou mantén un produto de software propio, usa unha licenza libre para distribuílo e prestar servizos en torno a el	20,6%	48,7%	55,6%	38,3%
A empresa proporciona servizos de consultaría tecnolóxica ao redor de produtos de Software Libre	69,7%	69,2%	66,7%	68,5%
A empresa proporciona servizos de consultoría de sistemas ao redor de produtos de Software Libre	66,7%	51,3%	66,7%	59,0%
Outras actividades	27,3%	30,8%	22,2%	28,4%

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre


Fonte: OSIMGA

Nos aspectos que, en opinión das empresas TIC, valoran os seus clientes respecto do Software Libre destaca lóxicamente o custo como principal (85,3%), seguido a grande distancia da independencia do provedor (40,1%).

G.33. ASPECTOS DE SOFTWARE LIBRE QUE VALORAN OS CLIENTES

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre)



Fonte: OSIMGA


O volume de empresas, entre as que ofrecen produtos de Software Libre, que contan con persoal certificado nalgún tipo de tecnoloxía ou produto con licenza libre descendeu globalmente en 4,2 puntos respecto do ano 2016, acadando o 31,9%.

G.34. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disposición de persoal certificado nalgún tipo de tecnoloxía ou produto de Software Libre

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre)



Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa repercute de xeito claro na disposición de certificacións nas empresas: aquelas cun maior número de empregados/as acadan unha porcentaxe 34,5 puntos porcentuais por riba da media.

C.20. A EMPRESA DISPÓN DE PERSOAL CERTIFICADO EN ALGÚN TIPO DE TECNOLOXÍA OU PRODUTO LIBRE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Disposición de persoal certificado	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Si	30,3%	28,8%	50,0%	31,9%
Non	69,7%	71,8%	50,0%	68,1%

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre


Fonte: OSIMGA

Continua ascendendo lixeiramente a solicitude dalgunha certificación por parte dos clientes ás empresas, alcanzando o 8,7%.

G.35. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Solicitude dalgunha das certificacións anteriores por parte dos clientes ao profesionais das empresas
Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre)



Fonte: OSIMGA

II.2. Empresas informáticas que non ofrecen produtos de Software Libre

A maioría das empresas informáticas que non ofertan produtos de Software Libre argumentan que aínda non consideraron a oferta deste tipo de produtos (49,5%), se ben este perfil de empresa é menos frecuente en comparación co ano 2016.


Aumentan as empresas informáticas que prevén vender este tipo de software antes de un ano (do 3,4% pasa ao 4,8%).

G.36. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Prazo no que ofrecerían algún tipo de produto de Software Libre

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que NON ofrecen produtos de Software Libre)



Fonte: OSIMGA


A principal razón argumentada polas empresas para non ofrecer produtos baseados no Software Libre é que non está na liña de negocio da empresa (56,9%), aínda que tamén as empresas Tic mencionan que os clientes non o demandan ou valoran (32,7%).

G.37. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Motivos polos que non ofrecen produtos baseados no Software Libre

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que NON ofrecen produtos de Software Libre)



Fonte: OSIMGA

Atendendo ao tamaño da empresa, o motivo fundamental polo que as empresas TIC non ofrecen aínda produtos baseados en Software Libre continúa a tendencia xeral, independentemente do tamaño: “non está na liña de negocio da empresa”, destacando o 75,6% das empresas de 10 o máis empregados/as que argumentan este freo.

C. 21. MOTIVOS POLOS QUE NON OFRECEN PRODUTOS BASEADOS NO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Motivos polos que non ofrecen produtos baseados no Software Libre (% de resposta múltiple)	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Non está na liña de negocio da empresa	55,3%	55,6%	75,6%	56,9%
Os clientes non o demandan ou valoran	36,3%	29,2%	20,6%	32,7%
É máis adecuada a opción do SP	8,0%	17,5%	13,9%	11,8%
Falta de formación ou persoal apropiado	9,4%	14,0%	---	10,3%
Faltan provedores ou soporte	9,2%	11,2%	3,5%	9,5%
Non é rendible ou por custo	4,8%	12,0%	---	7,0%
Por inseguridade ou temas legais	2,5%	5,0%	---	3,2%
Descoñece o SL ou necesita máis información	3,8%	1,1%	---	2,6%

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre
Fonte: OSIMGA

CONCLUSIONES

POSICIÓN GLOBAL

O indicador de Software Libre segue aumentando no ano 2017, onde o 88,6% das empresas TIC galegas contaron con algún Sistema Operativo ou Aplicación de Software Libre.

A situación xeográfica da empresa inflúe directamente no uso de Software Libre, acadando a súa maior porcentaxe na provincia de Lugo, onde o 95% o usa. Facendo análise na actividade da empresa, as empresas especializadas en “Edición de programas informáticos e videoxogos / Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas. Portais web” posúen a maior porcentaxe de uso de Software Libre cun 100%.

TIPOLOXÍA DE SOFTWARE

ORDENADORES

O uso de Software Libre en ordenadores experimenta un crecemento de 2,6 puntos porcentuais no ano 2017, de modo que o 88,1% de empresas TIC galegas poseen Software Libre nos seus ordenadores de usuario. A subida do manexo de sistemas operativos libres foi de 25,7 puntos porcentuais, chegando ata o 81%.

Entre as aplicacións dispoñibles nas empresas TIC galegas a presenza de Software Privativo continua a ser maior, aínda que en determinadas aplicacións, como a “Xestión de contidos web” e “Aplicacións de deseño gráfico”, a superioridade do Software Libre é notable; 11,3 puntos porcentuais superior no caso da primeira aplicación e de 6,4 na segunda.

SERVIDORES

Ao igual que no caso dos ordenadores, o manexo do Software Libre en servidores tamén se incrementou no último ano, acadando unha porcentaxe do 77,7% das empresas (12,8 puntos porcentuais máis que no 2016).

Na tipoloxía de aplicacións e sistemas operativos sube o uso de aplicacións libres ata o 80%, en 15 puntos porcentuais. Pora outra banda, o uso de sistemas operativo nos servidores das empresas TIC con servidores sube en 18,2 puntos porcentuais, chegando ao 83,6%.

FORMACIÓN E PERSPECTIVA DE MERCADO DO SOFTWARE LIBRE

O 31,7% das empresas TIC galegas ofreceron formación ao seu persoal técnico encargado das actividades informáticas, tanto de Software Libre coma de Software Privativo.

Case a metade das empresas galegas TIC consideran que o uso de Software Libre se manterá igual (45,6%), mentres que a porcentaxe que pensan que aumentará tivo un lixeiro descenso.

AS EMPRESAS COMO PROVEDORAS DE SOLUCIÓNS TIC

As empresas que ofertan produtos ou servizos de software propios ou de terceiros aos seus clientes posiciónase nun 59,0%, o que supón un aumento de dous puntos porcentuais nun ano.

Entre as empresas que ofertan estes produtos, o 52,7% distribúen Software Libre e o 76% Software Privativo.

Os programas de Software Libre que máis se ofertan aos clientes son “Servidores web” (35,4%), “Servidores de ficheiros” (32,5%) e aplicacións de “Xestión de contidos de portais e páxinas web” (31,6%).

Os produtos de Software Libre que maior incremento experimentaron con respecto ao ano 2017 foron:

- “Planificación de recursos empresariais, ERP”: aumenta 4,5 puntos porcentuais
- “Xestión de relación cos clientes, CRM”: incremento de 3,7 puntos
- “Servidor web” : medran 3,3 puntos
- “Intelixencia de negocio, BI” e “Servidor de ficheiros”: medran 3,1 puntos

DEBILIDADES, FORTALEZAS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

DEBILIDADES

As principais barreiras que frean a penetración do Software libre continúan sendo o descoñecemento e a falta de información.

As empresas que non ofertan estes produtos o fan maioritadamente porque non contan esa liña de negocio na empresa ou que os clientes nin o solicitan nin o valoran.

A medida para promocionar o Software Libre máis citada polas propias empresas son as "Axudas e subvencións", si ben todas as medidas suxeridas son claramente apoiadas.

FORTALEZAS

O uso de Software Libre continua crescendo entre as empresas TIC galegas.

Unha gran parte delas oferta produtos en formato Software Libre.

Entre as aplicacións ofertadas de Software Libre atopamos produtos de gran importancia na actualidade, como son a xestión de contidos de portais e páxinas web, os sistemas de servidores de ficheiros ou datos e os Servidores web.

PROPOSTAS

As actuacións promovidas polo Amtega, para incentivar a utilización do Software Libre, inciden en disminuir as debilidades que obstaculizan a utilización do Software Libre entre as empresas TIC galegas.

Dende o Amtega, e co soporte da Oficina de Software Libre e do CDTIC, estase a fomentar o Software Libre no ámbito empresarial a través de xornadas de demostración no propio CDTIC e accións formativas a través do CNTG e CDTIC que permiten a difusión do coñecemento e das vantaxes do Software Libre.

ANEXO I: ACTIVIDADES QUE CONSTITÚEN O SECTOR INFORMÁTICO

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
INDUSTRIAS COMERCIAIS TIC		
4651	46.51	Comercio polo xunto de ordenadores, equipo informático periférico e programas informáticos
4652	46.52	Comercio polo xunto de equipo electrónico de telecomunicacións
INDUSTRIAS DE SERVIZOS TIC		
EDICIÓN DE PROGRAMAS INFORMÁTICOS E VIDEOXOGOS		
5820	58.21	Industria editorial de xogos de ordenador
	58.29	Outros tipos de edición de programas informáticos
ACTIVIDADES DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN		
6201	62.01	Actividades de programación informática
6202	62.02	Actividades de consulta de tecnoloxía da información
	62.03	Actividades de dirección de instalacións de ordenador
6209	62.09	Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de ordenadores
PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES RELACIONADAS		
6311	63.11	Procesamento de datos, aloxamento (<i>hosting</i>) e actividades relacionadas
6312	63.12	Portais web
REPARACIÓN DE ORDENADORES E EQUIPOS DE COMUNICACIÓN		
9511	95.11	Reparación de ordenadores e equipo periférico
9512	95.12	Reparación de equipos de comunicación

